

**DELEGACION NA CONCELLEIRA DONA INÉS SANTOS PEREIRO PARA
AUTORIZACIÓN CASAMENTO CIVIL.-**

Visto o expediente a solicitude formulada por dona Ana Fraga Fernandez e don José Antonio Castro Gómez para contraer casamento civil neste Concello de Tordoia, segundo **expediente gubernativo 4/2021** instruído no Rexistro Civil DE TORDOIA e confirmado **en Auto firme de fecha 30 de xuño de 2021**, tendo entrada no Rexistro Xeral do Concello con data 6 de xullo de 2021, número 990.

Vista a petición realizada polos interesados para celebración do acto o vindeiro **18 de setembro de 2021, ás 12:30** no salón de plenos do Casa Consistorial e que sexa a concelleira dona INÉS SANTOS PEREIRO a autorizante.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, do 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes ou concelleiro no que delegue, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 1/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de decembro, do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, polo que establece a atribución da Alcaldía de dispor delegacións especiais para cometidos específicos en calquera concelleiro, polo que en base ao exposto, pola presente teño a ben **RESOLVER:**

Primeiro.- Delegar na concelleira desta Corporación dona INÉS SANTOS PEREIRO para que, o vindeiro día **18 de setembro de 2021**, actúe por delegación desta Alcaldía na voda civil a celebrar na Casa Consistorial, as **12:30** horas, entre os contraentes dona Ana Fraga Fernández e don José Antonio Castro Gómez.

Segundo.- Que da Presente Resolución se dea conta a Sra. Concelleira e aos contraentes, para o seu coñecemento e oportunos efectos, remitíndose copia da presente Resolución, xunto co testemuño da realización da voda ao Sr. Xuíz Encargado do Rexistro Civil de Tordoia para o seu coñecemento e efectos procedentes.

Terceiro.- A presente resolución terá efectos dende o momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña.

Asíno o sr. Alcalde no lugar e data que á marxe se indica.